

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 19 DE DECEMBRO DE 2025

PRESIDENTE: Dona Paula Bouzós Barros

VOGAIS:

Don Juan Pablo Castillo Amigo
Dona Belen Cachafeiro Anta en substitución
de **Dona Luisa María Sánchez Méndez**
Don Marcos Guisasola Padín en substitución
de **Don Rafael Domínguez Artime**
Don Jorge Cubela López
Don Ricardo Martínez Chantada
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo a dez horas e corenta e cinco minutos do día 19 de decembro de 2025, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona Paula Bouzós Barros, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE NOVIEMBRE DE 2025 (Expediente 2025075653)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 21 de novembro de 2025.

2. DAR CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA E DA ENTRADA EN VIGOR DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (Expediente 2025047915)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da aprobación definitiva e da entrada en vigor da ordenanza reguladora do Servizo de Teleasistencia da Deputación Provincial de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:



"DATOS DE INTERESE:

- *O Pleno en sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025 aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria, da Deputación de Pontevedra.*
- *De conformidade co establecido no artigo 70.2 da LRBRL, esta ordenanza entra en vigor coa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) do seu texto íntegro e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.*
- *No BOPPO nº 222 de 19 de novembro de 2025 publícase a aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria, da Deputación de Pontevedra.*

1. OBXECTO

Esta ordenanza ten por obxecto regular a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial de Pontevedra, así como as obrigas de cada unha das partes que interveñen no desenvolvemento do servizo.

2. SERVIZO DE TELEASISTENCIA

O servizo de teleasistencia defínese como unha prestación técnica de atención permanente de apoio e intervención social, enmarcada no contexto de atención de proximidade grazas ao uso de tecnoloxías da información e da comunicación.

3. ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO SERVIZO PROVINCIAL DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

Previamente á aprobación definitiva da ordenanza adheríronse ao servizo provincial de teleasistencia domiciliaria os 45 concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, cos que existía convenio de colaboración.

A adhesión formalizarase mediante unha resolución da Presidencia da Deputación e coa conseguinte sinatura do convenio.

4. PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO

Poderán ser persoas destinatarias (como titulares ou beneficiarias) do servizo as persoas maiores de 65 anos e as persoas con discapacidade que non teñan dereito ao servizo a través do sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD), así como aquelas persoas en situación de especial vulnerabilidade para as que a prestación do servizo sexa un recurso idóneo, segundo unha valoración técnica acreditada mediante un informe social da traballadora ou traballador social de referencia dos servizos sociais comunitarios municipais do concello onde estean empadroadas e teñan residencia efectiva.

Para acceder á prestación do servizo de teleasistencia será necesario cumprir os seguintes requisitos:

- *Residir nun concello de menos de 20.000 habitantes adherido ao servizo de teleasistencia*



domiciliaria da Deputación.

- *Dispoñer de liña telefónica fixa ou móbil no domicilio ou estar en condicións de obtela previamente á instalación do equipo.*
- *Non ter recoñecido un grao de dependencia no marco da normativa vixente. En caso de que a persoa solicitante teña en trámite a solicitude de recoñecemento da situación de dependencia deberá reflectirse no informe social. Cando a persoa usuaria teña dereito efectivo á mesma prestación polo sistema de atención á dependencia deberá causar baixa no servizo de teleasistencia da institución provincial; en consecuencia, deberao comunicar nos servizos sociais comunitarios, desde onde se tramitará a baixa no servizo provincial.*
- *Non padecer unha enfermidade mental ou discapacidade que impida facer un uso adecuado dos medios tecnolóxicos dispoñibles para levar a cabo a prestación.*
- *Cumprir os límites de acumulación de recursos de unidade de convivencia establecidos nesta ordenanza reguladora.*

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DAS PERSOAS USUARIAS:

As persoas interesadas deberán solicitar a alta no servizo de teleasistencia domiciliaria a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello.

A entidade local, por medio da persoa representante ou outra en quen delegue, será quen presente na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a solicitude, acompañada da documentación esixida a través do procedemento específico habilitado. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano.

6. DA EMPRESA ADXUDICATARIA DA XESTIÓN E DO DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA

O servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra prestarase por xestión indirecta, conforme á normativa de contratos vixente, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

7. DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA

O servizo de teleasistencia domiciliaria financiarase con fondos propios da Deputación, que asumirá o 50 % do custo do servizo contratado, e que estará dotado economicamente no seu orzamento anual.

O 50 % restante será financiado polos concellos adheridos con cargo aos seus respectivos orzamentos.

Os concellos poderán establecer o copagamento das persoas usuarias beneficiarias do servizo de acordo coas súas ordenanzas municipais.



8. ACUMULACIÓN DE RECURSOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Para que unha persoa poida ser beneficiaria do servizo, os ingresos anuais da unidade de convivencia non deben superar o límite de acumulación de recursos fixado nesta ordenanza reguladora.

CONVIVENCIA	INGRESOS TOTAIS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA
<i>Persoa que vive soa</i>	<i>Iguais ou inferiores a 2 veces o IPREM*</i>
<i>Convivencia de dúas persoas</i>	<i>Iguais ou inferiores a 3,5 veces o IPREM*</i>
<i>Convivencia de tres ou máis persoas</i>	<i>Iguais ou inferiores a 5 veces o IPREM*</i>

**Tomarase como referencia o IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) anual incluíndo as 14 pagas.*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "+XUNTAS" PARA O ANO 2026 (Expediente 2025060897)

Dende o Servizo de Igualdade elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico das bases reguladoras do programa +XUNTAS para o ano 2026, cuxo contido literal é o seguinte:

"A Deputación de Pontevedra convoca para o ano 2026 un novo programa "+Xuntas", que ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

O programa será xestionado polo Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra, o cal elaborou unhas bases para regular a concesión de axudas que van destinadas a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



Resultando que con data do 22 de setembro de 2025, Secretaría informa as bases reguladoras do programa "+Xuntas" para o exercicio 2026, entendendo que a posta en marcha desta liña de subvencións no eido da promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero enténdese dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento e dos intereses xerais da provincia.

Resultando que con data do 16 de outubro de 2025, Intervención emite informe favorable á tramitación do expediente para aprobación das citadas bases, indicando que o importe deste programa, que ascende a cantidade de 339.682,53€, se afrontará con cargo a aplicación orzamentaria 26/250.2315.227.07 quedando condicionada a aprobación destas bases a aprobación definitiva do orzamento do ano 2026, e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, para facer fronte ao gasto, por tratarse dunha tramitación anticipada.

Estas bases envíanse para a súa aprobación na sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra a celebrar o día 31 de outubro, posteriormente foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) Núm, 239 , do 15 de decembro de 2025, e na Base Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 15 de xaneiro de 2026.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas da seguinte forma:

PROGRAMA "+XUNTAS" 2026

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias en materia de igualdade, impulsa unha nova edición do programa "+Xuntas" como unha ferramenta esencial para avanzar cara a unha sociedade máis xusta e inclusiva a través da formación como pilar básico para garantir que a igualdade sexa real e efectiva, ofrecendo ás mulleres da provincia novas oportunidades para mellorar as súas condicións de vida, fortalecer o seu apoderamento e consolidar a súa autonomía persoal. A través deste programa preténdese tamén xerar espazos de encontro e colaboración que faciliten a creación de redes de apoio, a participación activa e a sororidade, favorecendo así a cohesión social e a superación do illamento, especialmente no ámbito rural.

Do mesmo xeito, "+Xuntas" aspira a fomentar a sensibilización da cidadanía en materia de igualdade de xénero, promovendo cambios de actitudes que contribúan a romper cos estereotipos e roles tradicionais. O programa busca ser, así, un instrumento de prevención fronte á violencia machista, poñendo o foco na formación e na creación de vínculos entre mulleres como motor de transformación social. Con esta iniciativa, a Deputación de Pontevedra reafirma o seu compromiso coa promoción da igualdade de oportunidades e co desenvolvemento de políticas públicas que dean resposta ás necesidades reais da poboación feminina da provincia.

Desde o punto de vista competencial, a igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e no artigo 4 do Estatuto de autonomía de Galicia, no que se determina que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, así como eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.



A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, constitúese como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito de todo o Estado español. Así mesmo, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No ámbito local, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

*Conforme ao anterior, a Deputación de Pontevedra pon en marcha unha nova edición do **programa "+Xuntas"**, co que se busca mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento. Ademais, preténdese concienciar a cidadanía cara a un cambio de actitudes e ruptura de estereotipos ao promover a sensibilización na igualdade de xénero e a prevención da violencia machista, especialmente entre a poboación rural.*

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria do programa "+Xuntas" 2026, a través do cal as entidades interesadas poderán seleccionar unha das accións formativas do catálogo ofertado.

Segunda. Finalidade

O programa "+Xuntas" ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Terceira. Réxime xurídico

O procedemento establecido para a concesión das accións formativas é o de concorrencia non competitiva, por esgotamento do crédito. A proposta de concesión formularaa o órgano instructor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos para conceder a subvención, sen que sexa necesario comparar as solicitudes presentadas.



Se o orzamento asignado para esta convocatoria non fose suficiente para a asignación directa das peticións solicitadas, atenderase aos seguintes criterios automáticos de adxudicación:

- En primeiro lugar, terán prioridade as solicitudes realizadas por entidades de mulleres.*
- En segundo lugar, tramitaranse as solicitudes por orde de entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra.*

Cuarta. Entidades beneficiarias

Este programa está destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As entidades solicitantes deberán cumprir os requisitos previstos nesta convocatoria tendo en conta as instalacións e os equipamentos dos que dispón e as necesidades para cada acción formativa.

Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias aquelas nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta. Alcance do programa

As entidades interesadas poderán escoller unha soa acción formativa do catálogo ofertado e aceptarán as obrigas que correspondan para cada unha delas; ademais, deberán cumprir o seguinte:

- Contar cunha sede ou un local de uso público na provincia de Pontevedra e unha aula adecuada para o desenvolvemento da acción formativa solicita (de non cumprirse, deberán escoller outro obradoiro)*
- Dispoñer do material necesario e dun acondicionamento mínimo (ver catálogo)*
- Ter coñecementos mínimos (ver catálogo)*

Aquelas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia que contén con máis dunha sede ou local na provincia poderán solicitar unha acción formativa por cada unha das súas localizacións.

Na elección da acción formativa deberán terse en conta as instalacións e os equipamentos dos que dispón a entidade e as súas características específicas, ademais do material que deberá levar o alumnado, segundo o recollido no catálogo para cada acción formativa.

A entidade proporcionará a súa sede ou un local de uso público para realizar o obradoiro. Este deberá contar cunha aula-obradoiro debidamente acondicionada, con espazo suficiente para desenvolver as actividades prácticas ou as tarefas manuais, ventilación natural, iluminación suficiente, electricidade e toma de auga. Esta aula deberá estar equipada, ademais, con mobiliario para as e os docentes e para as persoas participantes no obradoiro (mesas e cadeiras).

Calquera anomalía que se advirte sobre o bo desenvolvemento da actividade deberá comunicárselle inmediatamente ao Servizo de Igualdade da institución provincial para poder solucionala.

Os días da semana e datas preferentes sinaladas pola entidade no procedemento de solicitude terán carácter orientativo e non implican que a acción formativa se realice necesariamente nesas datas.

Unha vez concedida a acción formativa e establecida a data de inicio, a entidade solicitante deberá enviarlle a relación definitiva das persoas participantes á empresa adxudicataria, como mínimo unha semana antes do día de comezo marcado. Nesta relación figurarán os nomes e apelidos, o número de NIF e o teléfono de contacto de cada participante, co obxectivo de realizar a actividade.



Sexta. Condicións do programa

As accións formativas deberán estar abertas a toda a poboación da provincia de Pontevedra, aínda que as mulleres terán preferencia. En caso de quedaren prazas vacantes, poderán participar homes, ata un máximo do 25 % do total das prazas adxudicadas. As persoas participantes deberán ser maiores de idade ou, de maneira excepcional, maiores de 16 anos.

As accións formativas terán unha duración de 35 horas, repartidas en entre dúas e tres horas semanais, que se poderán incrementar ata un máximo de cinco de considerarse oportuno polo tipo de actividade que se vai desenvolver. Así mesmo, a entidade solicitante poderá escoller se estas se realizan no mesmo día ou en días alternos, segundo as necesidades das persoas participantes.

Nos contidos de todas as accións formativas deberá incluírse de forma transversal o tratamento da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Ademais, impartirase un módulo de cinco horas de duración sobre sensibilización na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que se realizará como mínimo en dúas sesións.

Este módulo é obrigatorio, polo que quen non asista non recibirá o diploma. Ademais, penalizaranse aquelas entidades que se neguen a facelo e non poderán participar na vindeira edición do programa.

O número máximo de prazas por cada acción formativa establecerase no catálogo segundo a especialidade e poderá variar de entre vinte a vinte e cinco persoas. Para levar a cabo calquera acción formativa será necesario reunir un mínimo de doce; de non ser así, a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Igualdade do organismo provincial e valorar as opcións existentes antes de anular o curso.

En caso de que se queiran ampliar as prazas debido á elevada demanda, a entidade poderá solicitarllo á Deputación sempre que as instalacións e o tipo de obradoiro o permitan.

A institución provincial levará a cabo estas accións formativas a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executar, coordinar e avaliar o programa. O desenvolvemento do programa quedará condicionado polo tanto á existencia dunha empresa adxudicataria para a execución do mesmo. Se esta adxudicación non se produce a tempo para poder desenvolver o programa anularanse os cursos.

Os obradoiros deberán realizarse durante o ano 2026.

Sétima. Presentación de solicitudes e prazo

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante.
- NIF da persoa representante da entidade solicitante.
- Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, no caso de solicitar máis dunha actividade formativa.



Se as persoas interesadas se opuxesen a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación

Co obxectivo de comprobar os requisitos previstos na base cuarta, as entidades solicitantes que non sexan especificamente entidades de mulleres deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Estatutos da organización nos que se especifiquen os fins da entidade ou memoria das actividades realizadas en 2025 na que se detallen os traballos efectuados no eido da muller e en prol da igualdade asinada pola persoa representante da entidade.*

En caso de que algún dos documentos presentados de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións electrónicas practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> e directamente desde <https://dehu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Obrigas das persoas participantes nas accións formativas

*As persoas participantes en cada obradoiro deberán aboar a cantidade de **sete (7) euros** e serán responsables de levar os materiais esixidos, en caso de que fose preciso, para realizar a acción formativa escollida (ver*



catálogo). Esta cantidade non se lles devolverá a non ser que a baixa na acción formativa se produza por causas de forza maior.

O primeiro día a coordinadora ou coordinador da empresa adxudicataria encargarse de recoller o depósito dos cartos das persoas que fixesen a entrega previamente na entidade, así como de requirírllelo a aquelas que por diversos motivos non o realizasen con anterioridade. A todas elas entregaráselles o xustificante correspondente.

Unha vez comece o curso, cada persoa participante decidirá se quere ou non asinar a cesión de dereitos de imaxe que permite obter fotos durante a execución dos obradoiros para a difusión e a promoción do programa.

Cando remate a acción formativa entregaráselles un diploma acreditativo da boa execución e das horas de formación recibidas ás persoas participantes que cumpren os requisitos de asistencia. Tamén pode entregarse ao finalizar o programa; neste caso realizarase unha clausura e entrega conxunta dos diplomas.

Para obter o diploma non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % das xustificadas.

Décimo terceira. Tramitación do procedemento

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Igualdade da Deputación, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa, o cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases, así como cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución.

Décimo cuarta. Resolución da convocatoria

Unha vez instruído o procedemento, o órgano instrutor, á vista do expediente e da documentación requirida, e logo da súa fiscalización pola área de Intervención, ditará a proposta de resolución, que será elevada á deputada delegada de Igualdade para a súa aprobación.

A resolución da convocatoria ponlle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

Décimo quinta. Financiamento

A contía consignada para o programa "+Xuntas" 2026, que se regula nesta convocatoria, ascende para o ano 2026 a trescentos trinta e nove mil seiscientos oitenta e dous euros con cincuenta e tres céntimos (339.682,53), que quedarán condicionados á aprobación do correspondente orzamento xeral desa anualidade, con cargo á aplicación 26/250.2315.227.07 do Orzamento da Deputación.

A institución provincial establece a convocatoria das accións formativas do programa "+Xuntas" 2026, no marco de actividades para mulleres, e inicialmente oferta un total de 207, que poderá incrementarse con base no prezo definitivo da empresa adxudicataria.

No suposto de que as accións ofertadas nesta convocatoria non quedasen cubertas, o organismo provincial poderá abrir unha nova convocatoria.

Décimo sexta. Publicidade

As accións de promoción e os materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberán incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa, accesibles en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Así mesmo, será obrigatorio que os logotipos da Deputación de Pontevedra sexan visibles nos materiais necesarios para realizar a actividade obxecto de subvención.



Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral, dada a publicación de actos prevista no punto noveno.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo oitava. Autorización para a difusión de imaxes

As entidades interesadas deberán habilitar mecanismos para que as persoas participantes poidan autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes que se poidan realizar nas diferentes accións formativas, que poderán ser obxecto de publicación por parte das entidades solicitantes ou da Deputación de Pontevedra.

Décimo novena. Prazo de vixencia

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026; este prazo poderá ampliarse para a súa adecuada execución.

Vixésima. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra".

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



4. DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA PARA O ANO 2026 (Expediente 2025039593)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da aprobación das bases reguladoras do Programa LECER EN FAMILIA para o ano 2026, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE

- **Aprobación das Bases Reguladoras en XG:** 5/12/2025 (ACORDO NÚM. 2.35832)
- **Publicación no BOPPO:** marzo de 2026
- **Prazo de presentación de solicitudes:** O prazo para a presentación de solicitudes comezará o 1 de abril de 2026 e rematará o 15 de abril de 2026.
- **Dotación:** e cento setenta e nove mil cento sesenta e dous (179.562,00) euros, con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.
- **Xestión desenvolvemento e execución do programa:** expediente en tramitación

1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere fortalecer o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso, é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar a familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolle un especial apoio e protección.

O programa Lecer en Familia, destinado a familias empadroadas na provincia de Pontevedra, configúrase como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais e crear tempo de lecer de calidade no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

Ao ofrecer un programa específico para familias en establecementos hoteleiros da provincia estamos contribuíndo directamente a promover o tempo de calidade en familia, a apoiar a convivencia e a fomentar o benestar físico e mental, ademais de proporcionar unha opción de lecer que contribúe a mellorar de forma global a calidade de vida das familias e cumprir así coas directrices desta importante lexislación galega.

Ademais, este programa configúrase como un dinamizador da economía da provincia que impulsa a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.



Para isto, a Corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove a terceira edición deste programa, a través do cal, na súa primeira convocatoria, preto de 1.000 familias puideron desfrutar dunha noite en fins de semana en establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión na provincia de Pontevedra.

2. FINALIDADE DO PROGRAMA

Reforzar os lazos familiares nun ambiente de convivencia que permita desconectar do estrés diario e gozar dun ocio de calidade en familia, reactivando emocións positivas para todos os seus membros, a través de actividades destinadas a mellorar a comunicación familiar; fomentando a diversión compartida e a construción de recordos; e desenvolvendo a autoestima e a autoconfianza, ao tempo que favorece o desenvolvemento da autonomía.

3. CONTIDO

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra : establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

2. Ademais do anterior, os membros da unidade familiar que desexen participar, deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroados no mesmo domicilio. Exceptúase o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal, esixíndose neste caso que ambos domicilios (o do solicitante en situación de separación/divorcio e os outros membros da familia incluídos na solicitude) estean ubicados na provincia de Pontevedra.

Para os efectos destas bases, enténdese por unidade familiar a formada pola persoa ou persoas adultas, fillas e fillos ou maiores que convivan de xeito permanente ou temporal coa persoa solicitante.

Así mesmo consideraranse como integrantes da unidade familiar os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en acollemento familiar pola persoa solicitante.

3. As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- 1) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 2) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 3) Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*



- 4) *No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados necesarios.*

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O cumprimento dos requisitos previstos neste apartado acreditaranse mediante declaración responsable incorporada ao modelo normalizado de solicitude, sen prexuízo das facultades de comprobación da veracidade dos mesmos.

Presentarase unha única solicitude por unidade familiar.

5. REXIME ECONOMICO

As 2.957 prazas ofertadas estarán repartidas nas seguintes modalidades:

- *2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.*
- *50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.*

Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV). Dita percepción deberá manterse durante todo o procedemento e, en todo caso, con carácter previo á aprobación do listado provisional de persoas admitidas e excluídas.

No caso de que a persoa solicitante de acceso polo réxime especial non o acredite documentalmente ou a consulta automatizada non devolva datos sobre a percepción dalgunha das prestacións indicadas, a solicitude de participación admitirase no réxime xeral, sempre que cumpra cos demais requisitos establecidos.

Se non se cubren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, detállanse no anexo I, que se publicará na páxina web cando se adxudique o contrato de prestación do servizo.

6. PROCEDIMIENTO DE CONCESION

A concesión das prazas realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O procedemento de concesión, tanto para as prazas de réxime xeral (2.907) coma nas de réxime específico (50), levarase a cabo por sorteo a través de medios informáticos entre aquelas solicitudes



definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos, establecendo unha orde de prelación.

O sorteo será de carácter público, a data, lugar e hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, incorporándose ao expediente a acta correspondente con identificación das persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente o Xefe/a do Servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue, e a Xefa/e do Servizo de Benestar Social ou persoa en quen delegue, con identificación da metodoloxía e resultado do sorteo.

Realizado o sorteo, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno, excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

O listado de adxudicación, e da lista de agarda, será único. Inicialmente adxudicaranse un máximo de 2.907 prazas de réxime xeral e 50 de réxime especial, garantindo sempre as prazas do réxime especial, e as demais solicitudes quedarán na lista de agarda. A relación de prazas adxudicadas, así coma a lista de agarda serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra. As prazas non cubertas polo réxime especial pasarán a incrementar as previstas para o réxime xeral no dobre do número de unidades de prazas non cubertas.

Non está permitido ceder a praza adxudicada a terceiras persoas.

7. PREVISION DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, a execución do programa abarcará dende outubro a decembro de 2026 e de xaneiro a marzo de 2027”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA +BENESTAR 2026 E APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE BUEU COMO ENTIDADE COLABORADORA DESTE PROGRAMA (Expedientes 2025039592 e 2025047687)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria da II edición dos Premios, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE

- **Aprobación das Bases Reguladoras:** XG do 12 de decembro de 2025
- **Publicación no BOPPO:** primeiro trimestre de 2026
- **Prazo de solicitudes:** O prazo para a presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).



- **Xestión, execución e desenvolvemento:** expediente en tramitación

1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas de inclusión e benestar social a través da convocatoria de programas que melloren a calidade de vida das persoas e promovan a participación e cohesión social da poboación da provincia. .

Esta institución leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

A corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove o programa termal + Benestar cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e como tratamento sanitario, que ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.

O programa ten un gran arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores (anteriormente SAÚDE E BENESTAR e DEPOTERMAL), a través dos cales se recibían unha media de preto de 4.000 solicitudes cada ano, así como o forte arraigo na provincia ao desenvolverse deste hai máis de 15 anos, o que constitúe unha proba do interese público deste tipo de actividades.

2. CONTIDO

O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente no momento da solicitude calquera dos establecementos ofertados (anexo II), se ben a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade.

3. LISTADO DE CONCELLOS COLABORADORES NO PROGRAMA

Consideraranse entidades colaboradoras todos os concellos recolleitos no anexo I.

As persoas interesadas poderán acudir ás entidades colaboradoras do seu ámbito territorial e solicitar asistencia para presentar as solicitudes.

Estas entidades deberán cumprir coas obrigacións establecidas nas bases reguladoras, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.



Anexo I. Lista de concellos colaboradores no programa "+Benestar" 2026

1	AGOLADA	30	MORAÑA
2	ARBO	31	MOS
3	BAIONA	32	NEVES, AS
4	BARRO	33	NIGRÁN
5	BUEU (nova adhesión para 2026)	34	OIA
6	CALDAS DE REIS	35	PAZOS DE BORBÉN
7	CAMBADOS	36	POIO
8	CAMPO LAMEIRO	37	PONTEAREAS
9	CANGAS	38	PONTE CALDELAS
10	CAÑIZA, A	39	PONTECESURES
11	CATOIRA	40	PONTEVEDRA
12	CERDEDO-COTOBADE	41	PORRIÑO, O
13	COVELO	42	PORTAS
14	CRECENTE	43	REDONDELA
15	CUNTIS	44	RIBADUMIA
16	ESTRADA, A	45	RODEIRO
17	FORCAREI	46	ROSAL, O
18	FORNELOS DE MONTES	47	SALCEDA DE CASELAS
19	GONDOMAR	48	SANXENXO
20	GROVE, O	49	SILLEDA
21	GUARDA, A	50	SOUTOMAIOR
22	ILLA DE AROUSA, A	51	TOMIÑO
23	LALÍN	52	TUI
24	LAMA, A	53	VALGA
25	MARÍN	54	VILABOA
26	MEAÑO	55	VILA DE CRUCES
27	MEIS	56	VILAGARCÍA DE AROUSA



28	MOAÑA	57	VILANOVA DE AROUSA
29	MONDARIZ-BALNEARIO		

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

O programa "+Benestar" 2026 contará con 2.127 prazas. Poderán beneficiarse del as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroadas na provincia de Pontevedra.*
- 2) Ter 55 anos ou máis.*
- 3) No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:*
 - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*
 - Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.*
 - Ter aprobada a resolución do programa individual de atención no que se recoñeza a condición de persoa coidadora doutra persoa con recoñecemento de dependencia a través do Sistema para a Atención e Autonomía á Dependencia (SAAD). Na súa falta, as persoas que non cumpran co anterior, deberán ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, a necesidade dun respiro familiar.*
- 4) Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 5) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 6) Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*

Acompañantes:

A persoa solicitante poderá ir acompañada doutra persoa coa cal desexe participar no programa, a condición de que esta cumpra todos os requisitos esixidos na data na que termine o prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O cumprimento dos requisitos previstos neste apartado acreditarase mediante declaración responsable incorporada ao modelo normalizado de solicitude, sen prexuízo das facultades de comprobación da veracidade dos mesmos.



5. REXIME ECONOMICO

As 2.127 prazas ofertaranse nos seguintes termos:

- *2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros).*
- *30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros).*

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), perceptoras de Pensión non Contributiva de Xubilación, perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV) ou acrediten estar en situación de risco e/o exclusión social a través dos servizos sociais comunitarios básicos do seu lugar de residencia.

A percepción da pensión ou da prestación deberá manterse durante todo o procedemento e, en todo caso, con carácter previo á aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.

No caso de que a persoa solicitante de acceso polo réxime especial non o acredite documentalmente ou a consulta automatizada non devolva datos sobre a percepción dalgunha das prestacións ou pensión indicadas, a solicitude de participación admitirase no réxime xeral, sempre que cumpra cos demais requisitos establecidos.

Se non se cubren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, detállanse no anexo II.

6. PREVISION DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, a execución do programa será dende outubro de 2026 ata o 31 de marzo de 2027 en tempada baixa”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



6. DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, PROGRAMA "PROVINCIA +INCLUSIVA" 2025 (Expediente 2024081319)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, Programa "PROVINCIA +INCLUSIVA" 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

- **Bases reguladoras** aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno nº 4.35270 de data 30 de maio de 2025
- **Publicación BOPPO** nº 106 do 5 de xuño de 2025
- **Prazo de presentación solicitudes:** Do 6 de xuño ao 7 de xullo de 2025
- **Dotación:** 210.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2311.789.00
- **Solicitudes presentadas** á convocatoria: 37
- **Aprobación da concesión** en sesión ordinaria da Xunta de Goberno do día 21 de novembro de 2025 mediante acordo nº 4.35787.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten o compromiso de apoiar ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, materializado nas diferentes liñas de subvencións destinadas a estas entidades que se convocan cada ano.

Nese contexto, no ano 2024 púxose en marcha o programa "Provincia +Inclusiva", polo que se convocou unha liña de subvencións para gastos de investimento, cuxa finalidade é a promoción da accesibilidade universal.

No ano 2025 apostouse polo incremento da dotación orzamentaria ata os 210.000,00 euros, debido á ampliación da cobertura do programa ás entidades de todos os concellos da provincia.

*As subvencións están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes **requisitos**:*

- *Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade.*
- *Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.*



- *Estar ao corrente de pago no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social.*
- *Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*

As actuacións financiadas deberán executarse entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de marzo de 2026.

Son *gastos subvencionables*:

- *Gastos derivados das obras de mellora da accesibilidade en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión vixente por un mínimo de 5 anos contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.*
- *Custos de redacción da memoria técnica do proxecto, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados con investimento subvencionado e son indispensables desde o punto de vista legal para a execución da obra.*
- *Gastos para adquirir sistemas inclusivos de comunicación que permitan a accesibilidade e inclusión de todas as persoas beneficiarias nas actividades da vida diaria.*
- *Gastos derivados de adquirir axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal.*

*A xestión e a concesión das subvencións realizouse a través do procedemento de **concorrenza competitiva**. Para calcular a contía da subvención empregouse un algoritmo no que se tiveron en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na base décimo segunda da convocatoria.*

*A **instrución do procedemento** de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes conforme os criterios, as formas e as prioridades de valoración establecidos na convocatoria.*

O órgano instructor emite informe proposta en data 14 de outubro de 2025 (CSV: 9BQYWloPW918DNUC), no que se recolle a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detalla o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía (CSV: YBYLo5RH6SMPMFBK), e no caso das excluídas, o motivo.

Con data 15 de outubro de 2025, Intervención emite informe favorable (CSV: 9JZZULJ53O2DOX8K) sobre a tramitación do expediente, deixando constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 210.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2311.789.00 do vixente Orzamento Provincial, onde existe crédito autorizado (Doc. A nº 12025000106691), e indicando que o órgano competente para a concesión das subvencións e disposición do gasto será a Xunta de Goberno, segundo as bases aprobadas para a execución do vixente Orzamento Provincial.



Avaliado o informe proposta, fiscalizado pola Intervención, a Comisión de Valoración con data 21 de outubro de 2025 emitiu acta (CSV: 826MF8G9Y61Q65OC), na que propoñía a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas

Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulou **proposta de resolución provisional** (CSV: N37LEOME0BK587XF e CN8Q5PHJQPLYOoG6) das entidades beneficiarias e das excluídas da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, programa "Provincia + Inclusiva" 2025.

Con data 27 de outubro de 2025, BOPPO N°205, foi publicado o anuncio da proposta de resolución provisional, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo outorgado de dez (10) días naturais sen que se presentasen alegacións á resolución provisional, formúlase a **proposta de resolución definitiva**, que contén a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especifica a avaliación dos proxectos e os criterios de valoración empregados, para os 30 expedientes propostos, que figuran na relación (RELAC/2025000066), con CSV: YBYLo5RH6SMPMFbK, e que supoñen o reparto de 197.253,81 euros con cargo á aplicación 25/231.2311.789.00

Con data 12 de novembro de 2025 intervención emite informe favorable do expediente (CSV: WWF6o9YQZKHTOU21).

De acordo có exposto, considerando que o órgano competente para a aprobar a concesión de subvencións é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, **a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:**

1º.- A **aprobación da concesión** das subvencións para a promoción da accesibilidade universal dirixidas **a 30 entidades** sen fins de lucro que se detallan no documento anexo (CSV: YBYLo5RH6SMPMFbK), **por un importe total de 197.253,81 euros** con cargo á aplicación 25/231.2311.789.00. do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (Doc. A n°12025000106691).

1.1.- A concesión da subvención para as seguintes entidades está condicionada á achega das correspondentes autorizacións ou comunicacións xunto á documentación xustificativa:

Expediente	Entidade	Autorización Sectorial
2025048282	ASOCIACIÓN AUTISMO BATA	Licenza municipal (Concello de Vilagarcía de Arousa)



2025046523	CENTRO JUAN MARÍA, ASOCIACIÓN ESPERANZA VALLE MIÑOR	Axencia Galega de Infraestruturas
2025050277	DAR MAS	Licenza municipal (Concello de Ponteareas)
2025050269	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ	Licenza municipal (Concello de Vigo)

2º.- Desestimar as 7 solicitudes que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

SOLICITUDES EXCLUÍDAS				
• POR NON CUMPRIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA				
Nº	Nº EXPTE.	CIF	NOME ENTIDADE	Motivo
1	2025050280	G36592582	ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL STACCATO	Non presentar o proxecto descriptivo (base 10ª)
2	2025050278	G94017704	ASOCIACIÓN O SON DO POBO	Non presentar o proxecto descriptivo (base 10ª)
3	2025050274	G36154813	ASOCIACIÓN DE VECÍÑOS DE SARAMAGOSO	Non estar inscrita no RUEPSS (base 4ª)
4	2025049970	G36873511	ALENTA – ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	O proxecto non cumpre os requisitos establecidos (base 10ª)
5	2025049776	G36880615	FUNDACIÓN INTEGRA PARA LA DISCAPACIDAD INTELECTUAL	Non ser subvencionables obras realizadas en inmobles en réxime de aluguer (base 5ª)



6	2025049028	R3600336F	HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	O proxecto non cumpre os requisitos establecidos (bases 1ª e 10ª)
7	2025044663	G36248011	ASOCIACIÓN LENDA DE SAÚDE MENTAL	Non ser subvencionables obras realizadas en inmobles en réxime de aluguer (base 5ª)

Relación de entidades por Concellos:

CONCELLO	ENTIDADES SUBVENCIONADAS EJERCICIO 2025	CONTÍA TOTAL POR CONCELLO
BUEU	1	10.000,00 €
CANGAS	1	5.833,24 €
CRECENTE	1	4.036,00 €
ESTRADA, A	1	4.758,10 €
GUARDA, A	1	8.927,61 €
LALÍN	1	5.593,60 €
MOAÑA	1	7.440,00 €
MOS	2	11.247,10 €
NIGRÁN	1	10.000,00 €
PAZOS DE BORBEN	1	9.140,89 €
PONTEAREAS	1	6.400,42 €
PONTEVEDRA	3	17.857,64 €
PORRIÑO, O	1	10.000,00 €
REDONDELA	1	6.454,00 €
TOMIÑO	1	6.784,31 €
TUI	1	10.000,00 €
VIGO	7	33.380,57 €
VILAGARCÍA DE AROUSA	4	29.400,33 €



A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

7. DAR CONTA DA APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN INSTALACIÓNS DAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO NOS ANOS 2025 E 2026 (Expediente 2025062381)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da aprobación da convocatoria e das bases de subvencións para a realización de obras en instalacións das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro nos anos 2025 e 2026, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

- *Bases reguladoras aprobadas por Acordo núm. 2.35854 da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 12 de decembro de 2025.*
- *Publicación no BOPPO o vindeiro mércores día 17 de decembro de 2025.*
- *Prazo de solicitudes: do 18 de decembro de 2025 ao 17 de marzo de 2026.*

1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a construción, rehabilitación, ampliación e reforma dos centros de entidades de iniciativa social nos anos 2025 e 2026.

2. FINANCIAMENTO, CONTÍAS E LÍMITES

A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2311.789.00 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a seiscientos mil euros (600.000,00 €), que representa o máximo de obrigacións que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

Poderán solicitar as subvencións deste programa as entidades sen ánimo de lucro que presenten un proxecto de obras cun orzamento mínimo de cen mil euros (100.000,00 €). Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento total nin da contía de oitenta mil euros (80.000,00 €).

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) *Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou*



xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.

- b) *Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.*
- c) *Estar ao corrente de pago no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social.*
- d) *Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.*

4. GASTOS SUBVENCIONABLES E EXCLUSIÓNS

As actuacións financiadas corresponderanse con obras executadas ou para executar dentro da provincia de Pontevedra no exercicio de 2025 e ata o 30 de decembro de 2026.

- *Gastos subvencionables:*
Os derivados das obras de construción, rehabilitación, ampliación e reforma dos inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por título de cesión dunha Administración pública, cun período de cesión vixente por un mínimo de cinco (5) anos, contados a partir da finalización do prazo para presentar solicitudes.
En consecuencia, serán gastos subvencionables as obras encamiñadas ao seguinte:
 - *Construción de novas edificacións ou volumes funcionais asociados á actividade da entidade.*
 - *Rehabilitación de inmobles existentes, incluídas as intervencións estruturais, funcionais ou de adecuación ao uso previsto.*
 - *Ampliación de superficies ou volumes edificadas, sempre que se axusten á normativa urbanística aplicable.*
 - *Reforma de espazos interiores ou exteriores que comporte unha mellora substancial das súas condicións de uso, seguridade ou funcionalidade.*
 - *Mellora da conservación, que inclúe actuacións dirixidas a garantir a durabilidade do inmovle, o seu mantemento estrutural e a adecuación ás esixencias básicas de seguridade e habitabilidade.*
 - *Mellora da eficiencia enerxética, que contempla intervencións como a optimización da envolvente térmica, a substitución de carpinterías, a implantación de sistemas de climatización eficientes, o uso de enerxías renovables ou calquera outra medida que contribúa a reducir a demanda e o consumo enerxético.**Así mesmo, terán a consideración de gastos subvencionables:*



- Os custos de redacción do proxecto de execución, sempre que estea elaborado conforme ao establecido no anexo II "Formato e contido dos proxectos de edificación e rehabilitación" e demais normativa de aplicación, e estea debidamente asinado dixitalmente.
- O custo de dirección facultativa, incluídos a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde e o control de calidade da obra, sempre que sexan necesarios para a correcta execución das actuacións subvencionadas.

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables descritos.

- **Gastos non subvencionables:**
 - As obras realizadas en inmobles en réxime de alugueiro.
 - Os gastos correntes de mantemento do local (tales como material funxible, auga, luz, teléfono, alugueiro e calquera outro de similar natureza).
 - Calquera outro investimento cuxo obxectivo non se corresponda cos gastos subvencionables descritos anteriormente.
 - Reformas que non supoñan un investimento no local.
 - Partidas de natureza administrativa coma homologacións, licenzas ou legalizacións.

5. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN

A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrência competitiva.

As subvencións concederanse atendendo á orde de puntuación obtida segundo os criterios de valoración relacionados na base décimo terceira e ata esgotar o crédito dispoñible para a convocatoria. En caso de empate nas puntuacións acadadas, terán prioridade as solicitudes cunha maior puntuación no apartado de criterios sobre a memoria descritiva e o proxecto de execución (base 13.2.2); de persistir o empate, levarase a cabo o desempate a través dun sorteo.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Conforme a base décimo terceira da convocatoria, sobre un total de 100 puntos, os criterios de selección son os seguintes:

"(...) 13.2.1. Criterios relacionados coa entidade e o investimento obxecto de subvención (ata 60 puntos):

13.2.1.1. Ámbito de actuación da entidade no territorio da provincia (máximo de 20 puntos):

- *O ámbito de actuación da entidade é o concello no que se atopan as instalacións obxecto de subvención: 7 puntos.*
- *O ámbito de actuación da entidade abarca de dous a cinco concellos: 10 puntos.*
- *O ámbito de actuación da entidade abarca de seis a dez concellos: 12 puntos.*
- *O ámbito de actuación da entidade abarca de once a quince concellos: 15 puntos.*
- *O ámbito de actuación da entidade abarca máis de quince concellos: 20 puntos.*



13.2.1.2. Criterios relacionados co investimento obxecto de subvención (máximo de 40 puntos):

13.2.1.2.a. Persoas usuarias da entidade de iniciativa social, beneficiarias directas do investimento obxecto de subvención (máximo de 20 puntos):

- *Ata 20 persoas beneficiarias: 10 puntos.*
- *Entre 21 e 40 persoas beneficiarias: 15 puntos.*
- *Máis de 40 persoas beneficiarias: 20 puntos.*

13.2.1.2.b. Porcentaxe de cofinanciamento do proxecto por parte da entidade (máximo de 20 puntos):

- *Entre o 21 % e o 30 % do importe do proxecto: 5 puntos.*
- *Entre o 31 % e o 40 % do importe do proxecto: 10 puntos.*
- *Entre o 41 % e o 50 % do importe do proxecto: 15 puntos.*
- *Máis do 51 % do importe do proxecto: 20 puntos.*

13.2.2 Criterios sobre a memoria descritiva e o proxecto de execución (ata 40 puntos):

13.2.2.1. Memoria descritiva do obxecto e finalidade do investimento, que serán valoradas polo persoal técnico do Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra (ata 20 puntos):

Valorarase a calidade técnica da memoria descritiva en todos os seus contidos necesarios:

-Descrición do impacto social positivo esperado na saúde e benestar das persoas usuarias das entidades: ata 8 puntos.

-Elaboración dos obxectivos xerais e específicos e os indicadores de avaliación: ata 6 puntos.

-Descrición da metodoloxía empregada e das actuacións coas persoas usuarias que se levarán a cabo nas instalacións das entidades de iniciativa social obxecto de subvención desta convocatoria: ata 6 puntos.

13.2.2.2. Calidade do proxecto de execución, que valorará o persoal técnico do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra (ata 20 puntos).

Valorarase a calidade técnica do proxecto en todos os seus contidos necesarios:

- *Calidade e descrición do estado actual e análise dos condicionantes: ata 5 puntos.*
- *Calidade das solucións propostas: ata 5 puntos.*
- *Calidade das propostas construtivas: ata 5 puntos.*
- *Nivel de detalle das solucións: ata 5 puntos (...)"*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



8. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás dez e cincuenta minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

